

Samáin



Samáin era a festividade máis importante para os celtas e viña coincidir co último día da colleita e o comezo do inverno. Celebrábase a finais do actual mes de outubro e comezos do mes de novembro e daban así a benvida ó ano novo. Abríanse as portas entre este mundo e o alén, dándolle á xente a posibilidade de reunirse cos seus devanceiros mortos.

Para aquelas xentes, que vían nos fenómenos da natureza una grande significación, a noite de Samaín (palabra de orixe gaélica) abría o longo e cru inverno polo que vagaban perdidos os fantasmas dos mortos do último ano na procura de corpos que posuír para transitar ó outro mundo, ata a chegada da primavera cando os días son máis longos e as tebras van minguando.

Os druídas, auténticos sacerdotes ou xamáns célticos, crían que nunha determinada noite, a do 31 de outubro, as bruxas gozaban de maior vitalidade, ós propios druídas se lles concedía o don de adiviñar o futuro, os límites entre os mundo dos vivos e o mundo dos mortos desaparecían completamente, e mesmo, que as pantasma dos mortos viñan do outro mundo para levar consigo os vivos.

Acendíanse cacharelas, realizábanse sacrificios (de animais e, en ocasións, humanos) e lixábanse as casas e “decorábanas” con ósos, caliveras e demais cousas desagradables para escorrentar os espíritos malignos. Segundo a tradición celta, os mortos regresaban na noite de Samaín a pedir alimentos ós vivos, ós que maldicían e facían vítimas de esconxuros se non accedían ós seus pedimentos.

Cando os romanos ocuparon os territorios celtas, agregaron a esta data dúas festividades: *feralia*, na que conmemoraban os seus mortos e *pomona*, a veneración á deusa da froita e as árbores (cuxo símbolo é a mazá).

Cando o cristianismo chega ós pobos célticos, a tradición do Samaín non desaparece, malia os esforzos realizados pola Igrexa católica para eliminar supersticións pagás que puideran entroncar co satanismo ou o culto ó demo. Os cristiáns determinaron que a maneira de converter os celtas ó cristianismo era adoptando a celebración dos celtas e convertela nunha relixiosa. No calendario gregoriano, o 1 de novembro pasou a ser o día de Todos os Santos; a véspera de Todos os Santos pasou a se denominar *All-hallow's Eve* e, actualmente, por contracción da expresión, *Halloween*; e pola súa parte, o día de Todos os Defuntos ou día de Todas as Almas pasou a ser o 2 de novembro. As tres celebracións xuntas, *Eve of All Saints*, *Day of All Saints* e *Day of All Souls*, reciben na tradición irlandesa a denominación de *Hallowmas*.

AS CABAZAS



Cóntase que as bruxas utilizaban os cranios das vítimas humanas e adornábanos con candeas entre as cuncas dos ollos e o nariz.

Tamén os celtas usaban os cranios das vítimas cobradas na batalla exhibidas á entrada dos seus poboados como mostra de advertencia.

En Galicia durante o Samaín xa era tradición o uso de cabazas. Actualmente, a base da alimentación en Galicia é a pataca. Antes de que esta chegase de América, era a castaña. E antes de que os romanos introducisen a castaña era... a cabaza.

As cabazas adoitábanse distribuír estratexicamente nos balados ou nas encrucilladas para asustar os camiñantes. Reciben diferentes nomes ó longo da xeografía galega: cabazas, cabazos, calacús (Rías Baixas), caveiras de melón (Cedeira), calabazotes (Ortigueira), colondros (Ourense), caiotas, bofetas, abóboras...



Noite de bruxas

Conta unha antiga lenda que as vellas bruxas facían unha xuntanza en dúas ocasións ó longo do ano: o 30 de abril e o 31 de outubro. O propio Satán realizaba a convocatoria e elas acudían dacabalo das súas vasoiras, tal como as pinta a tradición popular, para compartir feitizos e sabedoría negra naquelas festas macabras chamadas “aquelarres”.

Hoxe en día, a noite de Halloween é recoñecida por todos os satanistas, ocultistas e adoradores do demo como véspera do ano novo para a bruxaría. Para moitos, é a noite na que os poderes satánicos e de bruxaría acadan o seu nivel máis

alto de desenvolvemento. É lóxico, pois, que os seus ritos se fosen mesturando coa celebración actual, ata o punto de que Halloween é denominado igualmente *The night of Witches* (“a noite das bruxas”).



A palabra “bruxa”, en inglés *witch*, deriva do antigo termo saxón *wicca* (“sabio”), e é que se pensaba que as bruxas, ó seren posuidoras da maxia, posuían tamén a máxima sabedoría.

As bruxas son adoradoras das deidades da natureza e posúen talismáns vivos ou símbolos polos que sacan os seus poderes escuros.


Invocan os malévolos espíritos para entrar nos corpos dos seus talismáns. Poden ser cans, mouchos, serpes,... como símbolos do seu poder, pero o talisman máis común é o gato.

GATO NEGRO



Se o gato era considerado símbolo da divindade entre os exipcios, os celtas, polo contrario, foron desenvolvendo un medo particular a este mítico animal, pois crían que os gatos negros en particular eran a forma felina en que algún poder demoníaco transformara unha persoa, isto é, os gatos eran persoas malditas.

Na lenda, a deusa céltica Wicca convértese nun gato negro para cometer incesto co seu irmán, Lucifer. Afírmase que o corpo do gato negro non é senón o disfraz que empregan as mesmas bruxas para pasear devagar pola cidade, para pasaren desapercibidas.



As cacharelas



A noite do 31 de outubro os druídas erixían unha enorme fogueira de ano novo (para eles o ano novo, a nova vida, o aumento dos seus poderes, ocorría a noite de Samaín). Queimaban animais e seres humanos como sacrificio ó seu deus sol e a Samaín, a súa divindade da morte. Durante esta cerimonia diabólica a xente usaba disfraces feitos de cabezas e peles de animais. Entón practicaban adivinación, saltaban sobre as lapas ou corrían a través delas, bailaban e cantaban. Todo isto tiña por finalidade escorrer os malos espíritos.



AQUELARRE

> éuscro *akelarre*: “o prado do castrón”

